



# FALADOIRO DO muíño



**C.E.I.P. Agro do Muíño**

Ortoño-Ames-A Coruña

Curso 2009/2010



# ÍNDICE

<a href="#"><u>LIMIAR</u></a>	2
<a href="#"><u>EDITORIAL</u></a>	3
<a href="#"><u>OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS A</u></a>	4-5
<a href="#"><u>A HORA DO CONTO</u></a>	6
<a href="#"><u>QUE CHOVE</u></a>	7
<a href="#"><u>TRABALLANDO AS EMOCIÓNS</u></a>	8-9
<a href="#"><u>VISITA Á GRANXA: FERVENZA DO TOXA</u></a>	10-11
<a href="#"><u>PRIMAVERA</u></a>	12
<a href="#"><u>A NOSA MAESTRA</u></a>	13
<a href="#"><u>DESCUBRINDO O UNIVERSO</u></a>	14-15
<a href="#"><u>HORA DE LER</u></a>	16-17
<a href="#"><u>DÍA DO LIBRO</u></a>	18-19
<a href="#"><u>OS DE 1º FIXEMOS O INDIO</u></a>	20-21
<a href="#"><u>EN 2º VOLVÉMONOS POETAS</u></a>	22-25
<a href="#"><u>ENCONTRO CO XABIER DOCAMPO</u></a>	26
<a href="#"><u>SENDEIRISMO</u></a>	27
<a href="#"><u>AGRUPAMENTOS ESCOLARES</u></a>	28-31
<a href="#"><u>ESCOLAS VIAXEIRAS</u></a>	32-34
<a href="#"><u>RADIOAFECCIONADOS</u></a>	35
<a href="#"><u>DÍA DA PAZ</u></a>	36
<a href="#"><u>EXCURSIÓN Á CORUÑA</u></a>	37
<a href="#"><u>INTERCULTURALIDADE</u></a>	38-41
<a href="#"><u>LETRAS GALEGAS</u></a>	42
<a href="#"><u>CERTAME LITERARIO INTERCENTROS</u></a>	43
<a href="#"><u>A PRENSA NA ESCOLA</u></a>	44
<a href="#"><u>SEMANA DA PRENSA</u></a>	45
<a href="#"><u>ACTIVIDADES DE INGLÉS</u></a>	46-47
<a href="#"><u>CHARLAS E OBRADOIROS</u></a>	48
<a href="#"><u>CONCURSO DOAZÓN DE ÓRGANOS</u></a>	49
<a href="#"><u>ANPA</u></a>	50-51
<a href="#"><u>ÍMONOS (DESPEDIDA DE 6º)</u></a>	52

## LIMIAR

A revista escolar nº 2 do Ceip Agro do Muíño sae un ano máis para amosar o moito que traballaron os nosos nenos/as ao longo do curso. Desde agora chamarase:

### "Faladoiro do Muíño"

A pesar da crise, que afecta a todo, decidímonos a publicar unha pequena escolma dos diversos proxectos que emprendemos neste curso.

- Estivemos inmersos dende o mes de setembro nun proxecto de interculturalidade, que se traballou a nivel de todo o centro, desde 3 anos ata 6º de ed. primaria. Axudounos a comprender as distintas culturas que existen e situalas xeograficamente.
- Continuamos coa relación con outros dous centros de fora de Galiza: en Ariño-Alloza de Teruel e en Prats de Lleida.
- Démoslle un bo impulso á biblioteca. Queremos que sexa o centro dinamizador do ensino do colexio.

Intentamos "embarcar" aos nosos alumnos e alumnas en proxectos motivadores que lles axuden a madurar e a coñecer o máximo posible, ademais de facerlles desenrolar a súa curiosidade e ganas de aprender e de saber. Como dicía un filósofo chamado Montaigne:

**"O neno non é unha botella que hai que encher,  
senón un lume que é preciso prender".**

Esperamos que disfrutedes lendo esta revista, que ten un pouco de todos os que pertencemos a esta comunidade educativa.

GRAZAS

# Editorial

Este será o terceiro curso de funcionamento do Ceip Agro do Muíño, e pouco a pouco imos facendo entre todos e todas que este Centro mellore na súa oferta educativa e na saudable convivencia da comunidade escolar.

No 2009-2010, un novo Equipo Directivo comezamos a poñer en marcha o noso proxecto de Dirección. Ilusión e esforzo no traballo non nos faltaron: desenvolvéronse proxectos, emprendéronse moitas actividades, o profesorado participou de actividades de formación... un curso verdadeiramente atarefados.

Aínda que somos coñecedores do moito camiño que nos queda por percorrer a todos, estamos bastante satisfeitos da marcha do centro, e estamos seguros de que a colaboración e a implicación de todos/as foi fundamental, imprescindible para acadar bos resultados e para facer que a convivencia escolar sexa grata e positiva.

Así pois, é obrigado recoñecer o esforzo do profesorado e agradecerlle a súa actitude positiva, e a súa capacidade de traballo en equipo.

Tamén temos que dar as grazas ás familias pola súa comprensión e colaboración e á ANPA do centro polo bo trato e pola súas aportacións, propoñendo actividades e ofrecéndose sempre para participar connosco na dinamización do Centro.

Agradecemos tamén todas as atencións que nos brindaron desde o Concello de Ames, tanto atendendo as reparacións e arranxos que lles solicitamos, como ofertándonos recursos didácticos de moito interese. Grazas ao Alcalde, ao departamento de Educación e a todo o persoal que dalgún xeito contribuíu ao longo deste curso para mellorar a calidade do Centro.

O primeiro obxectivo deste Equipo Directivo e do Claustro de Profesores é: "Crear un clima grato de traballo e de convivencia entre toda a comunidade educativa" Seguimos pensando que entre todos e todas podemos acadar logros importantes no funcionamento do Centro, que repercutirán positivamente na formación do noso alumnado.

Grazas a todos/as e moito ánimo para continuar!

O Director  
Ramón Pérez Rey

# OLA! SOMOS OS NENOS DE 3 ANOS A

E TEMOS QUE CONTARVOS UNHA COUSIÑA; SABEDES! TODOS OS NENOS DE INFANTIL MARCHAMOS DE VIAXE NO MES DE SEPTEMBRO A ASIA

OS  
COMPAÑEIROS  
DE 5 ANOS  
QUEDÁRONSE  
EN CHINA



OS DE 4  
ANOS  
ESCAPARON  
A TURQUÍA

PERO NÓS OS DE 3  
ANOS OCURREUSENOS  
VISITAR A INDIA,  
QUE BONITA!  
ALÍ VISITAMOS  
MONUMENTOS,  
ESCOITAMOS E  
BAILAMOS CA SÚA  
MÚSICA  
VESTIMOS O TRAXE  
TÍPICO



PERO O QUE MAIS NOS GUSTOU  
DA INDIA FOI CANDO  
DESCUBRIMOS OS COCOTEIROS,  
COS SEUS COCOS,QUE DUROS!



CO COCO FIXEMOS  
UNHAS RÍQISIMAS  
GALLETAS



MENUDOS REPOSTEIROS!



## A HORA DO CONTO

Na xornada escolar ó longo do curso, houbo un momento máxico, que todos os nenos e nenas esperaban con curiosidade, a ver cal toca hoxe?, acostumaban a dicir, ese momento, ese intre é a HORA DO CONTO.



Eu como profe, tentei transportalos ata ese mundo imaxinario, unhas veces con máis acerto que outras, pero o que si é verdade e que son consciente da importancia do conto nestes anos.

A través deles os nenos e nenas desenvolven numerosas habilidades, a creatividade, traballamos a expresión oral e corporal, falamos dos distintos valores que transmiten os textos.

Así contamos contos do mundo e populares, todos eles foron recollidos nun libro máxico que será levado ás casas ao remate do curso.



Por todo isto sempre haberá contos, e sobre todo porque pode ser un bo comezo para que os nenos e nenas sexan futuros lectores, co positivo que significa isto para a formación das persoas.

Infantil 3 anos B



# QUE CHOVE !!

Ao longo do curso escolar foron moitas as actividades en que se veu envolto o colexio. Todas elas foron organizadas e programadas minuciosamente polo profesorado.




Pero houbo unha que por algúns días cambiou a nosa vida na escola. Esta foi sufrida non só polo profesorado e alumnos senón tamén polos pais e nais que tiveron que deixar os seus fillos/as onde puideron, xa que estes non tiñan as súas aulas para recibilos coma todos

os días. A estas alturas xa sabedes de que estamos a falar...sí da choiva que chegou sen avisar ás nosas aulas de infantil. E non só chegou no mes de novembro senón que coma se non tiveramos abondo, volveu tres meses despois.

Sí é verdade que todos e todas estamos moi ledos co deseño do noso colexio. Sí, é moi bonito pero... quizais non deberían pasar este tipo de cousas e a estas alturas teremos que crer e pensar que non sucederá de novo, xa que se tomaron as medidas oportunas.

Pero en Galicia chove, e moito, e disto sabemos en infantil, cando o noso alumnado non pode saír ao recreo xa que non hai un patio cuberto para alí xogar.

Estamos seguros de que haberá moitos días de choiva no inverno que marquen o noso ritmo escolar. Desexamos e esperamos que algún día os nosos nenos/as (de infantil e de primaria tamén) teñan un patio onde xogar sen mollarse.



# TRABALLANDO AS EMOCIÓN

Durante este curso, no segundo nivel de Educación Infantil estivemos traballando as emocións.

**Emoción:** Estado de excitación ante un estímulo e ocupa todo o tempo porque ten implícito o pensamento, o sentimento, a acción e tamén o fisiolóxico.



Acordamos normas, falamos de cómo nos sentimos en cada momento, e compartimos o que cada un fai cando se sente dunha determinada maneira. As emocións traballadas son: ALEGRÍA, MEDO, TRISTEZA, ENFADO E AMOR.




Entre as actividades que realizamos ó longo do curso destacamos:

- A lectura de contos
- Observación de obras de arte
- Reflexión en grupo.

Coa lectura de contos conseguimos afondar no amor, sentimos o medo, esquecemos penas, puxémonos tristes, aprendemos a resolver conflitos e compartimos bicos:

### O PARRULIÑO FEO



Aprendemos a observar e a pensar a través das obras de arte:



# TODO INFANTIL VISITA A GRANXA FERVENZA DO TOXA



Os alumnos de Infantil visitamos a granxa escola “Fervenza do Toxa”, que se atopa no concello de Silleda. Alí tivemos oportunidade de observar de cerca os animais e distintas actividades agrícolas:



**PLANTAMOS**



**AMASAMOS PAN**



**PROBAMOS OS AMORODOS**



**DÉMOSLLES DE COMER AOS ANIMAIS**

**ASÍ REPRESENTAMOS NÓS OS ANIMAIS QUE VIMOS NA GRANXA:**



**Tamén tivemos tempo para o ocio, cantamos, bailamos, xogamos e ata tivemos unha sesión de títeres:**



# PRIMAVERA

(ED. INFANTIL 5 Anos A)



*Canta pascariño, canta  
xa chegou a primavera*

# A NOSA MAESTRA

(ED INFANTIL 5 ANOS A)



# DESCUBRINDO O UNIVERSO!

NA AULA DE 5 ANOS-B , Ó LONGO DESTE CURSO ESCOLAR, LEVAMOS A CABO UN PROXECTO SOBRE O UNIVERSO COA AXUDA DAS PROFES MERCEDES E ANA E , COA COLABORACIÓN DAS FAMILIAS E OUTRAS PROFES QUE NOS APORTARON MATERIAIS DIVERSOS SOBRE O TEMA: LIBROS, DVD, POSTERS, CD, XOGOS DE ORDENADOR...(GRACIAS POR COLABORAR).





APRENDEMOS QUE FOI O "BIG-BANG", COMO SE FORMOU A VÍA LÁCTEA, ONDE ESTÁ O SISTEMA SOLAR, CALES SON OS PLANETAS QUE O FORMAN , QUEN DESCUBRIU OS PLANETAS E CON QUE, COMO SE CHAMAN AS PERSOAS QUE ESTUDIAN O UNIVERSO ...

É DICIR, CONVERTÍMONOS EN AUTÉNTICOS ASTRÓNOMOS

APRENDEMOS TANTAS COUSAS ... QUE A NOSA PERCEPCIÓN DO UNIVERSO FOI CAMBIANDO.



# ANTES



# DEPOIS



ASÍ QUEDOU RESUMIDO TODO O QUE APRENDEMOS.



INFANTIL 5 ANOS B



**“LER, PARTICIPAR, É FACER LITERATURA.  
ENSINADE A LER, POR FAVOR, ENSINADE A LER NOS LIBROS,  
NO VENTO, NAS POZAS DUN DÍA DE CHUVIA,  
NO BOSQUE E NA LUZ, ENSINADE A LER, PÍDOVOLO,  
PARA QUE NINGUÉN MEDRE ATÉ A IDADE DA AVARICIA E O  
DESAMOR.”**

**(Juan Farias)**

**...e foi neste curso cando comezamos unha nova andaina e un anaquiño do noso horario converteuse nun recuncho de vinte minutos para os nosos soños, as nosas fantasías, o lecer e o compartir de contos, narracións e lendas .**



**...e foi neste curso cando de boca en boca falabamos de que tal ou de que cal libro estaba moi interesante e nos gustaba moito.**

**...e foi neste curso cando o silencio se facía as 12:30 nas aulas, nos corredores... e so o murmurio das palabras se desprendía dos beizos conquistando o ar .**

# Para que lemos?

## Respostas do alumnado



Lemos para divertirnos

Lemos para aprender moitas cousas

Lemos para saber o que custan as cousas

Lemos para consultar o que queremos saber

Lemos para aprender a ler

Lemos para saber

Lemos para saber o que aconteceu cando aínda nós non estabamos aquí



# DIA DO LIBRO


O día do libro baixamos á biblioteca, e lemos un libro cada un de nós. Cando fomos á biblioteca Cristina nos dou o noso carné. Nos contou moitas cousas moi interesantes, explicounos como se collían os libros, segundo uns códigos de cores. Eixemos un xogo co lema "un libro un bico". Collíamos un libro a cambio dun bico.

¡PASÁMOLO XENIAL!



# UNHA FORMA DE FELICIDADE É A LECTURA

(JORGE LUIS BORGES)



1ºA




**OS DE PRIMEIRO**



**FIXEMOS O INDIO**






## En 2º volvémonos poetas...

A señora



Á Lúa Nova  
gústalle que chova  
mercou unhas botas  
para andar polas gotas



Dona Lúa a Minguante  
vistese moi elegante  
e leva saia de seda  
! pero que fermosa queda !

Cando a lúa está Coacente  
toma chocolate quente  
Co Sol non se vai anovar  
as estrelas van esportar.



Á señora Lúa chea  
gústalle xogar na areia,  
reflexarse no mar,  
Co flotador vai nadar.



~ Na casa de Olga ~

Ai fogar!

O gato deitado na silla,  
unha bomba debaixo estala.  
Boom!



¡Saen golosinas!

O gato co susto cae no río  
Olga baixa a escadeira  
coa cámara ¡teño unha nova!  
Abebé di boh! Que bobería!

e continuou co domínio  
Mentres o gato  
agarrado á lixa  
entrou pola fiestra  
Abebé, Olga e o gato  
asan "tacos"  
e non comen ratos.



# FACEMOS POESÍAS

Un día a profe dounos  
letras recortadas de revistas, xor-  
nais... Os nenos pensamos palabras e  
cada un escribiu a súa palabra no  
encerado dentro dun saco.



Con todas estas palabras fixemos  
a: fermosísima, bonitísima !! Poesía:

«NA CASA  
DE  
OLGA»



# animoladas

Este glamar  
vive no fondo do mar.  
O animal ten mala pinta,  
cando fuxe, bótanos tinta.



No bosque había un lobo,  
que non cazaba un coello  
porque era un pouco bobo  
xa que non ía ao coleio.



Un día vin un coello  
que vivía nun pendello  
saltou polo monte nevado  
e foi parar a un prado.

A andorriña Carteira  
vai para Agro do Muíño  
non leva a mochila viaxeira  
porque a perdeu no camiño



Ratiño, ratiño, rato  
que che gusta recibir, rato  
non seces tan comellón  
que vos aumenten de peso.



Había unha vez un esquio,  
que foi beber nun río.  
Veu unha tróita, quixo pillala,  
caeu na auga, coxelouse de frío.

# ENCONTRO CO ESCRITOR

XABIER P. DOCAMPO

Agardando a Xabier, lemos o libro O armario novo de Rubén e o libro A nena de auga e o príncipe de lume. E despois fixemos uns contos deluxos.

Xabier Docampo veu o 16 de Marzo do 2010 ao Agro do Muíño. Primeiro nos contou que o seu pai e nai lle contaban contos moi ben.

Logo nos contou un conto.

El se inspirou nos libros e despois lle contaba contos aos seus amigos.

E por último nos firmou o libro O armario novo de Rubén.





## SENDERISMO

Sáimos do colexio pola pasarela andamos un pouco e metimonos por unha especie de bosque no que había un camiño que estaba mollado, porque uns días antes chovera. Pasamos pola herba curta e... que pasou despois? que as herbas eran tan altas que chegaban á cintura. Fomos por unha ponte colgante, era de madeira que estaba un pouco podre, pero pasamos todas.

As herbas eran outra vez altas é cando as pasamos había area, algúns nenos e nenas tropezaron e caeron de morros. Pasamos outro bosquecín e chegamos o parque, onde vanos merendar. Eu de merenda levei un bocadillo.

Nunha árbore había unha caseta de madeira que no seu interior tiña unha gorra. No parque había un balón de fútbol e os nenos xogaron con el. Eu xoguei nos columpios.

## PASEINO MOI BEN



# AGRUPAMENTOS ESCOLARES

Os colexios de Ariño-Alloza, en Teruel, Sant Serni, En Prats, Lleida e o Ceip Agro do Muíño teñen en marcha un proxecto de “agrupamentos escolares”, organizados polo MEC. A coordinadora no noso Centro é a Profesora Gela Pousa e todo o profesorado colaborou para darlle forma a esta idea que nos parece estupenda.

Fixéronse actividades conxuntas, estivemos en contacto por correo-e e mediante videoconferencias...pero sobre todo viñeron de visita ao noso centro alumnado, profesorado e familias dos outros centros do proxecto, e tamén viaxamos nos a Ariño, Teruel. Estes encontros foron especialmente emotivos e todos os participantes valoraron a actividade moi positivamente.

Existe un Blog no que colaboran os tres centros. Podedes visitalo para saber máis:  
<http://agrupacionescolar.blogspot.com/>

## **ALUMNADO, PROFESORADO E FAMILIAS DE TERUEL E LLEIDA VISITAN O NOSO CENTRO 5, 6, E 7 DE NOVEMBRO DE 2009**

O día 5 de Novembro os alumnos dos colexios de Ariño e Prats chegaron ao colexio de Agro do Muíño

O concello de Ames organizou un acto de recepción oficial no colexio para recibilos. Grazas ao Alcalde e ao departamento de Educación do Concello Ames.

Integráronse nas aulas participando en tódalas actividades e celebraron connosco o Magosto, coñecendo así as nosas tradicións Desenrolaron unha intensa actividade cultural con visitas a museos, concellos, casco histórico de Santiago, rias baixas,...Algúns nenos e nenas nun viran o mar !

Todos estaban encantados coa visita. A prensa recolleu a noticia:

[http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2009/11/06/0003\\_8087046.htm?utm\\_source=buscavoz&utm\\_medium=buscavoz](http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2009/11/06/0003_8087046.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz)  
<http://www.elcorreogallego.es/comarcas/ecg/intercambio-escolar-ames/idEdicion-2009-11-06/idNoticia-484457/>





# AGRUPAMENTOS ESCOLARES

**ALUMNADO, PROFESORADO E FAMILIAS  
DO CEIP AGRO DO MUÍÑO VIAXAMOS A ARIÑO (TERUEL)  
17, 18, 19, 20 e 21 DE MARZO DE 2010**

O mércores 17 de marzo un grupo de alumnos de 4º A e B do noso colexio saímos nun autocar da empresa “Rías Baixas” rumbo a Ariño (Teruel) . O grupo estaba formado por 29 nenos/as, 5 pais, 4 profesoras e unha enfermeira. Despois de 15 horas de viaxe chegamos a Ariño ( pobo mineiro situado na Serra de Arcos na provincia de Teruel) e alí encontrámonos con 26 nenos/as do colexio Sant Serni de Prats (Lleida) acompañados por os seus mestres e un grupo de pais.


Nestas visitas, os alumnos dos tres colexios compartiron aspectos das culturas das súas respectivas Comunidades Autónomas. Nesta ocasión participamos na súa famosa “tamborrada”. Visitamos Teruel : arte Mudéjar, os Amantes de Teruel e Dinópolis. Tamén fomos a Muniesa para participar en talleres de toque de tambor e vimos as novas tecnoloxías que utilizan como sistema de ensinanza no colexio de Ariño.

Os tres centros estamos en contacto a través de diferentes medios para dar a coñecer as realidades de cada un. Volveremos a reunirnos seguramente en Prats, Lleida.









# ESCOLAS VIAXEIRAS

**15** rapaces e rapazas de 5º do colexio CEIP Agro do Muíño fomos a Andalucía occidental. Saímos de Santiago de Compostela en tren as 9:30 da noite, para ir a Madrid, Chamartín; alí foi onde almorzamos, logo esperábanos un autobús para ir a Cardeña, onde estaba a Residencia Miguel Careaga e iamos vivir durante unha semana. Ó chegar deixamos as maletas nunha sala. Logo fomos a xantar a un restaurante, despois subimos para a residencia onde nos puxemos a xogar mentres chegaban os compañeiros de Murcia e os de Huesca e logo merendamos, xogamos, e a continuación subimos aos cuartos.

Fixemos un xogo de presentación, logo subimos a desfacer as maletas, e ver con quen nos tocaba, eran 6 literas de 2 camas en cada cuarto. O día seguinte fomos a “COVAP” (Cooperativa do Val dos Pedroches, en Córdoba) Cando chegamos a “COVAP” puxéronnos un vídeo do leite e de cómo coidaban os animais e a devesa. Ensináronnos o proceso do leite; cando iamos marchar regaláronnos unha bolsa con 5kg de produtos lácteos.

Logo fomos ao secadoiro de produtos ibéricos... Parecía unha mansión embruxada! E...cheiraba fatal!!! O que máis nos gustou do secadoiro foi o final, cando nos ofreceron probar salchichón. Pola tarde leváronnos a unha fábrica de mel. Primeiro, explicáronnos todos os procesos do mel desde que as abellas collen o pole ata que o degustamos as persoas. Despois, deixáronnos probar 6 tipos de mel: Azahar, Romeu, Tomiño, Eucalipto, Serra e Espliego. A continuación, deixáronnos dez minutos para comprar algo e para tomar o tentempé.

Logo fomos a un pequeno pobo chamado Azuel, a 5 km de onde estaba a residencia, Nel, un pastor contounos como era a vida antes na aldea e moitísimas historias que lle contaban a el cando era pequeno. Despois de contarnos todas as historias fomos outra vez ó bus andando, pero algúns rapaces empezaron a correr, e os cans do pastor comezaron a correr e perseguilos, tipo San Fermín.

Un día tocounos ir a Sevilla, madrugamos moito e puxémonos unha camiseta vermella e branca, que nos regalaron na residencia. Subimos a Xiralda, tivemos que subir 34 costas e 17 escaleiras, chegamos ata a cima moi cansos, pero mereceu a pena polas vistas. Cando baixamos leváronnos por un paseo ata un barrio para mercar recordos. Logo déronnos unha sorpresa: percorremos Sevilla nun bus turístico. Xantamos no parque María Luísa. Tamén fomos á praza de España. Cando chegou a noite todos estábamos moi cansos. Menos mal que o bus non tardou moito en recollernos. Ceamos en Córdoba nun autoservicio, chegamos ás 11 da noite a residencia.


O derradeiro día en Cardeña leváronnos a unha aula de natureza, onde nos puxeron un documental. De volta fixemos un pequeno roteiro pola DEVESA, vimos animais, entre eles porco de pata negra, corzos, vacas e touros. A DEVESA Cordobesa é en Serra Morena, ten moitas enciñeiras nas que os porcos comen as landras ao aire libre. Despois da cea fixemos unha festa con intercambios de regalos e as presentacións das nosas comunidades. Ao día seguinte ao voltares de Cardeña a Córdoba no bus, de Córdoba a Madrid no AVE, na estación de Atocha baixamos do AVE. En Chamartín xantamos e perdemos o tren, que logo nos trocaram polo da noite, o das 22:00h. Chegamos pola mañanciña a Santiago moi cansos pero aos 15 rapaces e rapazas gustaríanos repetir a experiencia porque foi moi educativa, divertida e de grata convivencia entre Murcia-Aragón-Andalucía-Galicia.

# Sevilla

## Reales Alcaceres

*A cidade estivo habitada polos musulmáns, os musulmáns chamábana Isbilya.*

*O edificio máis emblemático foi o Alcázar. Os Alcáceres eran as vivendas dos gobernadores musulmáns.*



## A Catedral e a Xiralda

*A Catedral de Sevilla é o 3º templo máis grande despois da cidade do Vaticano e do San Pablo de Londres. A Xiralda é a torre da Catedral, hai unha lenda que conta que os almohades tiveron que facer unha plataforma con restos de edificios visigodos e romanos para levantar a torre.*



## O parque de María Luisa

*Na súa orixe foi o xardín do Palacio de San Telmo, pero a finais do século XIX, a maior parte dos terreos do parque de María Luisa foron donados á cidade de Sevilla pola infanta María Luisa, duquesa de Montesier, para ser usado como espacio público.*



**Bos días amiguiños vouvos a contar a historia da miña antiga cidade, esta era...**



## Medinat Al-zahara

Medina Al-zahara é unha cidade árabe mandada construír por Abderramán III no 936 d.c. Abderramán III construína para mostrar o seu gran poder.

A súa construción estivo a cargo do mestre alarife Maslama ben Abdallah.


O traslado da corte a esta cidade foi no 945 d.c. Encóntrase ao pé da montaña Yebel al-Alus (Monte da Desposada) e en contacto co val do Guadalquivir.

Esta dividida en tres terrazas, unha superior na que se encontra a zona residencial do Califa, outra na que se encontra a zona oficial(casas visires, garda, salón rico...) e por ultimo a máis baixa(cidade, mezquita Aljama).

A mesquita é o lugar de oración dos musulmáns, como a mesquita desta fermosa cidade encontrábase aos pés do palacio de Abderramán III, isto escandalizou aos habitantes da cidade xa que deu a entender que Abderramán III quería mostrarse superior a Alá(o deus dos musulmáns).

En resumen, hai moitísimos sitios que ver e visitar como o salón rico, a casa de Jafár (o ministro), a casa dos visires, a porta Norte, mesquita Aljama.

No ano 1010 foi destruída e saqueada na guerra civil que acabou co Califato de Córdoba. Hoxe en día só encontramos un 13% da cidade.




# RADIOAFECCIONADOS

O 2 de febreiro de 2010, dous radioaficionados viñeron ó noso colexio e ensináronos os principios básicos da radio.

Explicáronos que cando dúas persoas contactan entre elas, envíanse unha postal coa súa nacionalidade e que a postal máis desexada polos radioaficionados españois, era a do rei D. Juan Carlos I.

Algúns de nós tivemos a oportunidade de comunicarnos utilizando o equipo de radioaficionado. Un rapaz de 5º A, comunicouse cun radioaficionado de Bélxica. Despois da actividade elaboramos unha postal que enviamos á persoa coa que falamos. Tres meses despois, os alumnos que se comunicaron recibiron a súa postal.

Activación escolar. Colexio Agro do Muíño  
R= 5 S= 5 QTR= 11.45 Banda: 40m  
Frecuencia: 7090 MHZ



# DIA DA PAZ



O 30 de xaneiro celebramos, como todos os anos, o día da paz. Foi unha celebración moi bonita que fixemos entre todos no ximnasio do colexio.

Os alumnos de 6º presentamos os actos e compartimos con todos o segredo da pócima da paz (un chisquiño de harmonía , litros de tolerancia , sete quilos de xustiza , tres caciños de solidaridade e ... moitas doses

de alegría e bo humor ).

Despois cantamos algunhas cancións (Celebra la vida, No dudaría ) e algúns alumnos fixeron percusións sobre bancos e outros unha coreografía titulada “Guerra con final feliz”.

Pero o que máis nos gustou foi que o noso colexio organizou unha campaña de axuda a Haití( DE TI, PARA HAITI) para recadar cartos para todas as persoas que sufriron o terremoto. Todos colaboramos co noso grao de area. Máis de 1000€!!



# EXCURSIÓN Á CORUÑA

O mércores vinte e seis de Maio os alumnos de 5º e 6º fomos visitar algúns museos da Coruña. Primeiro fomos a DOMUS (casa do home), logo a CASA DAS CIENCIAS e, máis tarde ao PLANETARIO.

No Domus, vimos un documental e un corto. O corto trataba dun monstro periodista que secuestraba as mascotas e o documental, ía sobre a existencia de dinosauros mariños que habitaban nos fondos mariños e a aparición dos seus restos. Tanto o corto como a película estaban en 3D. As imaxes eran tan reais que as veces tiñas a sensación de que che atacaban. Foi increíble!

Despois, puidemos andar polas distintas plantas do museo. Alí había de todo para experimentar: aparellos para medir a altura ,o peso (descompoñendo en cantidade de graxa , proteínas.), simuladores da barriga dunha embarazada ,vídeo sobre partos, unha máquina que producía olores ,un xogo que consistía en lanzar un balón sobre unha portería e medía a velocidade de lanzamento ,unha sala de relaxación... O que máis nos gustou a todos foi o “Mindball” (a bóla da mente) , na que compites en capacidade de concentración con outro compañeiro .

Aproximadamente sobre as 13:00 chamáronnos por megafonía para o comedor ,que por certo tiña vistas ao mar. Comemos a nosa comida e... a dos nosos compañeiros!! Despois botamos o último vistazo e fómonos para a Casa das Ciencias.

Xa estabamos alá, cando vimos todo o que había alí dentro ( xogos, exposicións, unha incubadora de pitiños saíndo do cascarón ...). Outra vez atopamos experimentos extraordinarios.

Máis tarde, fomos ao planetario ,que está na última planta da casa das ciencias. Sobre a cúpula e despois de apagar as luces , puxéronnos unha proxección sobre o universo, a formación dos distintos planetas, as estrelas, os cometas... Mostráronnos paisaxes moi bonitos e relaxantes. Aprendemos moito sobre astronomía!

Logo, merendamos, e aproximadamente ás 18:30 emprendemos o longo viaxe ata Bertamiráns, pero divertímonos tanto que o tempo pasou voando. Esperamos volver a repetir a experiencia.



# INTERCULTURALIDADE

## PROXECTO DOCUMENTAL DE CENTRO

Traballamos durante todo o curso entorno a este proxecto: calendario anual, o entroido, exposicións, colaboracións das familias, decoración de aulas...

Cada nivel elixiu un país ou cultura e traballou diferentes aspectos deste: Localización xeográfica, cultura, lingua...

3 anos	India (Asia)
4 anos	Turquía (Europa -Asia)
5 anos	China (Asia)
1ºEd.primaria	Os indios americanos
2ºEd.primaria	Brasil (América do Sur)
3ºEd.primaria	Tuareg (África)
4ºEd.primaria	Masais (África)
5ºA Ed.primaria	Italia (Europa)
5º B Ed.primaria	Reino Unido e Bulgaria (Europa)
6ºA Ed.primaria	Antártida
6º B Ed.primaria	Oceanía

Todo o centro asistiu a unha obra teatral titulada "Contos de Mundo" no teatro La Salle en Santiago o día 14 de abril.


Dentro da "blogoteca" do centro creamos un blog de "interculturalidade"


<http://www.agromuinoculturas.blogspot.com/>





# “CULTURAS DO MUNDO”:







# LETRAS GALEGAS



Este ano, como sabedes, dedicouse este día a Uxío Novoneyra.

No colexio, para celebralas, programáronse actividades para os días 10, 11 e 12.

Cada ciclo preparou un panel expositor dedicado a dito autor, e o ENDL (equipo de normalización e dinamización lingüística) expuxo outro titulado " Uxío Novoneyra a través da prensa ".

Queremos aproveitar estas liñas para darlle as grazas ao profesor D. Luis Cochón pola gran cantidade de material que nos proporcionou e co cal elaboramos esta exposición.

Con estas fotos queremos recordar eses días e as diversas actividades que fixemos.



## **CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO** **INTERCENTROS, CONCELLO DE AMES**

Como o curso pasado, o concello de Ames convocou este certame. Este ano xiraba en torno ao deporte.

Despois de lidas as bases do concurso, os nosos alumnos e alumnas fixeron os seus traballos. Uns en prosa, outros en verso, uns individuais e outros por parellas. Rematados e entregados, esperamos a chamada do SNL (servizo de normalización lingüística) do concello, comunicándonos que algún premio era para o noso "cole". Chegou ese día e soou o teléfono. Era Rosa, convocándonos para ir a recoller o 17 de maio os 3 premios que acadara o Ceip Agro do Muíño. Que alegría!

O luns 17 de maio, día das Letras Galegas, fomos á Casa da Cultura do Milladoiro a recoller os premios.

Os gañadores foron:



### 1ª Categoría

3º Premio: Blanca García Álvarez 3ºA



### 2ª Categoría

1º Premio: Alexandre Graña Nimo 5º A  
Samuel Loureiro Díaz 5º A



### 2ª Categoría

2º Premio: Clara Balayo González 5º A  
Andrea Mata Rey 5º A

# A PRENSA NAS AULAS

O home sempre tivo necesidade de transmitir os seus coñecementos, o que sabía. Durante moito tempo comunicouse oralmente e para moitos pobos e tribus o xornal é a memoria e a palabra.

Nas sociedades máis avanzadas o medio de transmisión oral rexístrase a través da información escrita **A PRENSA.**



A prensa polo seu valor como medio de comunicación de masas, como instrumento para transmitir ideas, mensaxes... exerce unha grande influencia sobre o público lector polo que é preciso traballala dende as aulas analizando as fotografías, a noticia, os

titulares, o texto, a maneira de contala...

**Ao longo do curso escolar existe unha semana, a comprendida entre o 8 e o 12 de marzo, especialmente adicada ao traballo da prensa nas aulas.**

A escola debe estar aberta á prensa escrita, e a prensa debe entrar nas aulas. É un recurso máis do noso labor educativo:

- 📖 Crea hábitos de lectura que permiten aprender a informarse.
- 📖 O xornal é transmisor de coñecementos e contidos.
- 📖 Desenvolve facultades de análise e crítica.
- 📖 Axuda á formación social do alumnado.

# SEMANA DA PRENSA

Este curso, a semana da prensa na escola, enfócamola dende dous aspectos diferentes:

- **EXPOSICIÓN DE XORNAIS DO MUNDO**
- **TRABALLO DA NOTICIA NAS AULAS DO 3º CICLO E EXPOSICIÓN**



Dentro do proxecto interdisciplinar **"CULTURAS DO MUNDO"** realizamos a Exposición de Xornais do Mundo. Foi moi interesante xa que o noso alumnado coñeceu, uliu e tocou a prensa de diferentes países como China, Alemaña, Italia, Francia, Tunes, Exipto, Lituania, Estados Unidos...

Observou as diferentes maneiras de crear un xornal, as diferentes grafías de uso na linguaxe escrita e ata incluso a diferente maneira de lelo xa que algún líase contra toda norma de atrás adiante .

A prensa diaria tamén se fixo oco: "La Voz de Galicia", "O Xornal" "El País" "O Correo Galego" colaboraron co fin de que o todo o alumnado dispuxera da prensa nas aulas. O alumnado de 3º ciclo foi o encargado de poñernos **"ao día"** a todo o resto da Comunidade Educativa. Cada día buscaban as noticias máis relevantes ao seu xuízo e as comentaban para todos nós. Diariamente expoñíanas en paneis no corredor.



## ACTIVIDADES DE INGLÉS

Dende o departamento de inglés organizáronse dúas sesións de teatro e un concerto didáctico en Santiago.

### TEATRO:

O martes 1 de decembro os nenos e nenas de 1º, 2º e 3º de educación primaria asistiron á obra: " Jungle book " .



O martes 23 de marzo á obra: " Merlin and King Arthur " os de 4º,5º e 6º de ed. primaria.





## CONCERTO DIDÁCTICO

A editorial Oxford agasalounos cun concerto de Dani Griffin, autor das cancións do libro de texto, para os alumnos de 6º de ed. primaria.

Foi o martes 26 de Xaneiro no Pazo de Congressos en Santiago. Preparamos, con antelación as cancións e bailes do programa e fomos ao concerto. Pasámolo moi ben na compañía doutros centros.



O día 26 de xaneiro de 2010 fixemos unha saída a Santiago, ao Pazo de Congressos. Fomos os alumnos e alumnas do noso colexio e máis nenos e nenas doutros centros. Saímos as 9:30 horas e con nos viñeron os titores de sexto e Dolores, a “teacher” de inglés. Cando entramos no Pazo de Congressos todos quedamos asombrados do espazoso que era; pero xa, rapidamente, nos colocamos nunha fila detrás doutros alumnos. Na porta da entrada encontrábase Dani que nos ía saudando a medida que entrabamos.



Xa dentro, volvemos a asombrarnos pola cantidade de nenos e nenas que había e polo grande que era o escenario. Unha vez sentados, Dani díxonos que tiñamos que quentar a voz para cantar as seguintes cancións que xa ensaiáramos na clase de inglés coa profesora.

As cancións titulábanse: London town, a friend, África, Nobody’s listening, Slide, I ride my bike e Travel with us. O concerto durou máis ou menos unha hora, e ao rematar moitos nenos e nenas lle pediron a Dani que lle firmará un autógrafo. Cando saímos do Pazo de Congressos, a profesora de Inglés fíxonos unha foto para que logo recordáramos ese momento.

# Charlas e obradoiros

Durante este curso tivemos moitas charlas e obradoiros nos que de forma lúdica aprendemos moitas cousas.

No primeiro trimestre fixemos un obradoiro de lingua divertida . Durante varias sesións aprendemos a traballar coa linguaxe a través do xogo , tamén fixemos carteis animando a usar a nosa lingua . Quedaron moi “chulos” e témolos expostos no taboleiro .

No segundo trimestre veu un garda civil a falarnos de Internet e os seus perigos.

No terceiro trimestre fixemos un obradoiro con Sagrario, psicóloga do servizo de drogodependencia do concello de Ames. Durou catro semanas e centrouse máis no tema das drogas e en como podemos evitar probalas. No último día fixemos cócteles de bebidas sen alcohol . Estes poderían ser unha alternativa ás bebidas alcohólicas que se toman nas festas ... FOI MOI DIVERTIDO!. Tamén fixemos un experimento cunha botella e un pitillo ( a botella chupaba o fume do pitillo). Con el descubrimos como o fume deixa un algodón manchado dunha cor marrón escura ao atravesalo!. **ASÍ QUEDAN OS NÓSOS PULMÓN AO FUMAR.!**

Fai poucos días Antonio, o orientador do colexio, dounos unha charla sobre os estudos que nos esperan.... , a ESO, e explicounos as distintas posibilidades que temos segundo aprobemos ou suspendamos a partir de agora e ata que rematemos na universidade.

## **INTERNET E OS SEUS PERIGOS.**

O día 3 de febreiro de 2010 tivemos unhas charlas para os nenos e nenas de 6º de primaria, sobre temas relacionados con internet.

Dixéronnos que internet non é perigoso, o único problema é que hai que saber usalo. Comentounos os perigos das páxinas como “Facebook” ou “Tuenti”, que non se deben dar nunca os teus datos persoais: teléfono, dirección, nome, apelidos, ... Preguntounos se estabamos rexistrados nalgunha desas páxinas e , como moitos levantaron a man, díxolles que esas páxinas eran para maiores de 14 anos e que máis da metade da xente non lía as condicións que se tiñan que aceptar cando te rexistras nesas páxinas.

Tamén nos falou dos perigos de piratear con programas como “emule”, “ares” e “pando”. Díxonos que ademais de ser un delito moi grave, poden entrarlle moitos virus ao ordenador e poden danar o disco duro.

Ao final falounos das drogas. Púxonos un vídeo onde unha persoa deixaba a súa moza, a súa familia, a súa casa, o seu coche, ... en definitiva, que o deixara todo polas drogas.

Despois da charla tivemos que cubrir unha enquisa sobre as drogas e internet.



## **CONCURSO DE DEBUXO :** **DOAZÓN DE ÓRGANOS**

No mes de febreiro o profesor nos falou dun concurso sobre doazón de órganos da Consellería de sanidade. Tiñamos que buscar un lema acorde coa ilustración que o tiña que acompañar.

Neste concurso participaron 39 centros. Do noso colexio participamos Aida, Miguel e eu. Os lemas que presentábamos eran:

**Aida**

**Dalles a túa doazón, eles pídencho de corazón**

**Miguel**

**Eu doo, ti doas, ... .., eles viven;**

**e eu, Iria**

**Doente, dalle a volta; doante, dalle a vida.**

O día 2 de xuño, día do doante, celebrouse en Santiago, a entrega dos premios.

O meu debuxo e lema:  
(Doente, dalle a volta;  
doante, dalle a vida)  
recibiu un accésit e tiven que ir a recollelo.

A entrega fun acompañada pola miña nai, pois os familiares estaban invitados, e o meu titor, como representante do centro.



# ANPA AGRO DO MUIÑO

## Curso Escolar 2009-2010

- ACTIVIDADES REALIZADAS
- ACTIVIDADES POR REALIZAR
- INFORMACIÓN XERAL
- AGRADECEMENTOS

### ACTIVIDADES REALIZADAS

OCTUBRO 2009  
SAMAIN



Empezamos con moitas ilusións e alegrías organizando a **festa de Halloween**, A festa do medo, das bruxas, das cabazas y en xeral dos disfraces máis monstruosos, onde pais e fillos disfrutamos dunha tarde divertida, chea de actividades, xogos e premios.

NOVEMBRO 2009  
O MAGOSTO



Chegou a época das castañas, e con elas uns invitados da zona Centro-Oriental da Península, os rapaces dos colexios de Prats e Ariño-Alloza de Teruel. Varios membros da ANPA, estiveron colaborando xunto co noso colexio en xincanas, e outras actividades relacionadas co magosto.

DECEMBRO 2009  
O NADAL



No Nadal organizamos un certame de **tarxetas navideñas**, quedando de manifesto as dotes artísticas dos nosos pequenos. Aproveitando a data sorteamos unha cesta de Nadal entre os socios da ANPA.

FEBREIRO 2010  
O ENTROIDO



Durante o Entrudo a ANPA estivo presente no desfile, Un grupo de nais vestíronse de cordobesas facendo as delicias dos asistentes bailando flamenco como verdadeiras profesionais. Precioso, !Olé y Olé! .

MAYO 2010  
DIA DA FROITA



Nunha iniciativa da ANPA en colaboración co Colexio e ó Concello, organizouse un concurso de carteis cun slogan sobre as virtudes da froita para instaurar **o día da froita**, que consiste en que tódolos venres de cada mes, os nenos so deben levar froita como merenda. Os traballos foron dun altísimo nivel. Elixíronse 5 carteis gañadores que se imprimiron en modalidade de póster.

ESCOLA DE PAIS



A ANPA, ven de por en marcha, no presente curso, a **escola para pais**.

As escolas para pais, foron creadas en resposta á grande necesidade de orientación, manifestada polos pais de familia que teñen a inquietude e a necesidade de obter coñecementos que contribúan a mellorar a atención aos seus fillos.

As escolas para pais resultan unha excelente opción para recibir pautas xerais e propoñen que o labor de educar a un fillo debe levarse a cabo de forma divertida e con grande dose de creatividade.

A tal fin e durante o presente curso organizáronse unha serie de charlas, impartidas por cualificados pedagogos:

- 22 de Abril de 2010, "MANEIRAS EQUIVOCADAS DE EDUCAR".
- 10 de Xuño de 2010, "OS LIMITES"

## ACTIVIDADES POR REALIZAR: FESTA FIN DE CURSO 2010 (18/06)

Despois do grande esforzo realizado durante o curso, a mellor maneira de rematalo é gozando dunha estupenda festa de “**fin de curso**”. Unha festa para tódalas idades con inchables, festa da escuma e dico-karaoke para pasar unha tarde super divertida.



### INFORMACIÓN XERAL:

O novo curso comezou o 14 de setembro, co cambio dos membros da ANPA. O novo grupo, formado por: Andrés Petisco (Presidente), Carlos Soliño (Vice.), M<sup>a</sup> Isabel García (Tesorera), Belén Trías (Secretaria), J. Antonio Montoto (Representante Consello Escolar), Mina Valentín, Manuela Priza e Sonia Iglesias (Vocales de actividades), Carmen Piñeiro e Ana Iglesias (vocales comedor), Mónica García, Maribel Perez e Paloma Ces (vocales de reforzo). **Uniuse para traballar polo benestar dos nosos fillos.**

O primeiro obxectivo da ANPA, foi organizar e por en marcha as actividades extra escolares en colaboración coa empresa ACTEX, finalmente e xa que o tempo se nos viña encima so puidemos concretar as actividades de informática, inglés, pintura e ballet. Cara o próximo curso dispoñemos dunha máis ampla oferta de actividades que esperamos teñan unha resposta importante.

Os seguintes obxectivos da ANPA, foron velar polo interese do colexio e dos alumnos. Así, se fixo un seguimento os distintos problemas que foron xurdindo o longo do curso. Cabe destacar a existencia de solucións para os problemas de inundacións que sufriu a zona de infantil durante os temporais do inverno. A ANPA, non dubidou en chamar os medios de comunicación para informar a toda Galicia do noso problema. Destacar que a dirección do colexio, nos convidou a participar nas reclamacións que se fixeron a Consellería de Educación. Esta Consellería tomou unha serie de medidas que o parecer dan solución a curto e longo prazo os problemas sórdidos.

Outro aspecto a destacar foi a promoción, xunto co concello de Ames, da mellora dos hábitos de conduta no comedor. Logrouse entre outras cousas, que os nenos utilicen o coitelo durante a comida.



### AGRADECEMENTOS:

A Xunta Directiva quere expresar o seu agradecemento a:

- Todo o persoal do Colexio Agro do Muíño, e en especial a Geli Mar, pola súa magnífica colaboración e pola cantidade de tempo que lle temos roubado; grazas por ter sempre un sorriso connosco.

Agradecer tamén a dirección do colexio pola súa proximidade, por buscar en todo momento a nosa colaboración, e por ter escoitado as nosas propostas.

Grazas tamén O Concello de Ames pola colaboración prestada durante o curso escolar. De xeito moi especial queremos agradecer o esforzo realizado por, **Librería LENDA, Librería MAINOMEN, TIEN 21, Frutería RIAS BAIXAS** e a empresa ACTEX, que fai posible que as actividades extra escolares poidan levarse a cabo.

Lembramos que a ANPA quere ser unha ponte de comunicación e de unión para os pais do colexio. Sempre estaremos abertos a recibir as vosas opinións, queixas e por suposto as vosas suxestións.

**Esperamos que o próximo curso sexamos unha familia moito máis grande e máis unida.**



## Despedida de sexto

*Parece que foi onte cando atravesamos por primeira vez as portas dun novo cole, pero, en realidade, xa pasaron tres anos. A noite anterior algúns cos nervios non durmimos. O primeiro día todo era novo : a clase , o patio onde íamos xogar ,os compañeiros ...e como non tamén os profes serían novos!. Cantos cambios!.*

*Cando chegamos pensamos: “quédannos aínda tres longos anos para pasar á ESO”. Moito tempo! Unha eternidade!. Paseniño , paseniño , foi pasando o tempo e chegamos a ser os maiores do cole. Despois do verán, volveremos a ser os “pequechos” ( agora do INSTITUTO). Que medo!.*

*Mestúranse moitos sentimentos. De alegría, por cambiar, por pasar o “insti”, por coñecer moz@s maiores, por ir a cafetería...; de tristeza por abandonar unha etapa da nosa vida, por se nos separan, polos momentos de alegría que tivemos, polos segredos que compartimos, polas “ broncas” e enfados...Todos, os bos e malos momentos, contribuíron a que aprenderamos algo para a vida.*

*A todos ( equipo directivo, profes de Infantil, profes de Primaria, profes de Inglés, de Educación Física, de Relixión, a Gelimar, ao persoal de cociña e monitores) grazas pola vosa axuda; grazas pola pegada que nos deixastes .*

## Moitas grazas !!!!!





